

Núm. 77

Tomo 7.º

nós



CATLAE



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

- A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 "
Número solto 0'70 "

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Peisaxe, por CORREA CALDERÓN.
O Entroido en Cotobade, por A. FRAGUAS FRAGUAS.
Vidas non paralelas, por RAMÓN OTERO PEDRAYO (proseguimento).
Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos as verbbs, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCEOSRIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII



Ourense 15 de Maio do 1930



Núm. 77

P E I S A J E

Aa memoria de Lois Amado Carballo

Verde, azul e pardo
non son mais de catro

Montes teijos pacen
a ledicia dos vales

Pardas serras baijan
a bebel-a i-auga

Os árbores ao vento
din o seu sentimento

Os carros no camiño
son fíos de sospiros

Fumegan as telhas
felicidá doméstica

Do muinho sobe
o cachón do pote

O alcipreste da eireja
aluma a sua tristeza

Fume de formigueiros
vai facendo o ceo

As nuvens en facenda
van para outro poema

O sol, neno en coiros,
ou si queres as d'ouros.

CORREA - CALDERÓN



O entroido nas terras do Sul de Cotobade

Iste estudo en col do entroido, que adicamos ó noso Seminario de Estudos Galegos, comprende sómente a parte sul das terras de Cotobade, as freguesías de Augasantas, Valongo, Loureiro, Rebordelo, Carballedo, Caroy, Corredoira, Borela e Almofrey, na intelixencia de que no val do Lérez foron arrecadadas pol-o noso amigo o gran folklorista Xosé Núñez Bua.

Nas devanditas freguesías hai unha certa uniformidade con respecto ás manifestazóns do entroido. N-outras formas da vida humana desenrolan o seu dinamismo independentemente unhas das outras, eiquí sucede o contrario os autos son en todas semellantes. N'algúns van desaparecendo moitas notas propias d'istes días de ledicia, pero queda inda en todas elas, o que ten un aire típico, tradicional e que mostra maior intrínseca pr'a etnografía.

En toda ista parte a que facemos referencia as manifestazóns do carnaval revélanse fora e dentro da casa. Paredes pra dentro andan os potes e cazolas mais engrasados que de costume, o fogar é grande como se fora día do patrón, están as familias xuntas, e lémbrense dos que se atopan lonxe, en terras de fora. Brindan os vellos desexando que pra outro ano se celebre a festa con ledicia e paz na compañía de quen Deus quixer; istas verbas escóitanse caladiñamente; a emozón calma o barullo por un instante. Fora da casa a mocidade percura os atafégos pra poder saír de troula, levan os fátelos debaixo do brazo, e unha poleira de mimosa na man. As rapazas van ledas mostrando unha sorriso de satisfacción; a liberdade que lle concede a careta dalle forzas pra coller do brazo os rapaces mais cobiza-

dos, oxe beilarán á súa vontade con aquel que a súa maxinación puxo tantas veces a seu carón. Os mozos farán das súas, os rapaces correrán tras eles insultándos nas ladeiras dos camiños, e os vellos laian pol-a saúde da mocidade, considerando o que eles fixeron nos seus tempos.

Toda composición do entroido n-istas terras recibe o nome de *momada*, *entroidos* ou *maragatos*, empregando indefrentemente calquer d-istes tres nomes. O nome de entroido emprégase como sinónimo de goloso, lambón, en xeral cousa que come moito. Así cando algún animal come a frol da herba e torna moi cheo pr'a casa ouvimos un dito d-iste xeito: *anda que hoxe entroidache!* O mesmo cando ollan morto algún ser malino díalle: *Iste entroidou, non fai mais mal.* Tamén queda na chola ben fixa, a fartura do entroido, en recordo ó moito que se come aqueles días. De vez en cando ó rematar unha persoa de cear despois d-espreguizarse, fala meio entre dentes: *Vaia Diol-o pague von farto com'un chincho cenei como si fora martes d'entroido.*

O entroido non dura mais que dende sábado deica martes, moi rara vez se deu o caso de haber momadas o domingo de piñata. O martes d-entroido fina o serán e non hai mais festa deica domingo de páscoa; a causa de non haber festas é o medo que teñen as rapazas de que o crego da parroquia lle bote o carneiro ou o burro cando vaian á doutrina pol-a coresma.

AS COMIDAS

O entroido ten a súa comida especial, en todas as casas hai fartura i-en todas se roga

con comida somellante. Son contados os sitios onde se atope un *bisté*, pero en ningures falla a bincha e os petotes, sobre todo o primeiro que é unha cousa corrente como o bacallao e o viño quente en noite boa.

a) *Bincha ou bandullo.*

Istes dous nomes ten o prato mais característico do santo entroido. Cando a matanza do porco, os peisanos collen a vexiga e inchana; teñen unha caniña na lacena, e soplan un pouco, o ter algún aire, para que aumente frégana contra un banco; despois que non colle mais aire atase percurando non desinche e pendurase na vara das longanizas. Craro que moitas veces o tempo de fregala rompe, n-ise caso pídese outra; se na casa matan un porco sementes, e de non atopala fai o mesmo papel unha fardela de liño.

Pendurada a bincha sobor do fogarponse dourada, destoncias sácase da veira do lume eponse a un lado da touciñeira, ali fica deica chegar o entroido.

Domingo e martes son os días mais indicados pra facer a bincha. Córtasell-un pedazo e lávase toda por dentro e por fora, ben lavada, despois faise a masa, pra enchela, da maneira seguinte: n-unha fonte bermella córtanse en anacos pequenos unhas rebanadas de pan-trigo, n'outra fonte tamén bermella ou amarela pártense uns dez ou doce ovos e salouqueanse ben como pra facer unha tortilla e debrócanse sobor do pan-trigo; mistúrase ademais unha canada de leite e azucre, c-unha culler de buxo métese todo na bincha e cócese, bótase n un caldeiro de auga eponse o lume, despois que ferve un pouco sácase,ponse na artesa deica o final do xantar en que se come ás rebandas.

b) *Petotes.*

Os petotes non son tan característicos como a bincha, porque en moitas casas deixaron de facelos e ademais hai quen non tendo pan fainos en vez do bolo que se facía outros tempos casi a cotío e hoxe moi rara vez. É unha cousa sinxela de facer: amásase fariña e dando forma de ovo, solo que de maior ta-

maño, cócese en auga. Despois recóbrese de azucre e pártense as rebandas pra comer.

O que sexan os pratos devanditos á comida sinalada pra istes días como característica non quere decir que sexan os únicos, eles non dan abundancia. Pra iso está a cacheira, as longanizas, os chourizos (a maior parte das veces a paiota), o rabo, un pedazo de touciño de tres frebas, etc. Non fallan tamén as papas d'arroz ben cargadas d'azucre.

Todol-os peisanos teñen pra sinalar o entroido un pedazo de carne inda que o resto do ano pasen sin ela. Contan por ali que un labrego non tiña carne pra festexar o entroido como os veciños, dado o número de fillos que rodeaban a mesa. Da touciñeira non penduraba mais que un pedazo de touciño, ben pequeno por certo. O pai que non quería que os seus fillos pasasen diante dos outros rapaces mostrando que non comeran carne untoulle os beizos a todos encargándolles que non-os limpasen deica finar o día. O mais velliño foi logo xogar aos compañeiros e un d'iles fixándose na grasa que traía no queixo díxolle: Seica comiche moito touciño? Iste que se vé, retrucou o intresado todo sadisfeito.

A comida forte require mollal-a boca, por iso veñen da taberna seis netos de viño do Riveiro que traí o rapaz na cabaza ou no garrafón, sempre que na casa non teñan unha pipa no sobrado.

A comida que celebra a festa é o xantar, ás doce como todol-os días, é cando están xuntos, porque á hora de cear a mocidade anda na troula e os homes van regar os lameiros ou botal-a brisca á taberna.

Domingo e martes son os días que se fan as mellores comidas, o luns cómese polo xeral do que sobrou o domingo. Agora a carne que sobra do martes non cría lan na fonte como sucedía cando se gardaba na artesa ou na salgadeira as sete semanas da coresma, deica o domingo de páscoa.

AS FESTAS

Durante todo o inverno fan en casi todas as parroquias festas de pandeiretas n-unha salía, ou n un curro cuberto onde non entre o frío, cóncense co nome de fiadeiros, ruas,

ruadas e seraus. Escomenzan o día primeiro de Santos casi sempre despois de facer o magosto; as mozas traen as castañas e ásanas, axiña veñen os mozos que pagan o viño, finado isto bailan un pouco e *orgaizan* o serau. Non é doado fixar o número dos seraus que hai porque varía de uns anos pra outros.

No comenzo fanse os sábados e domingos e mais os días santos que houber no meio da semana. Ó acercarse as Navidas en que paseñamente van chegando os rapaces das terras de fora (Asturias, León, Vasconia, etc.) pra pasar a noiteboa na compañía da súa xente, aumentan os días de serau, ademais do sábado e domingo faise tamén o martes e quinta feira, e onde non hai os dous días fana carta feira. Así n'iste traxín pasan deica chegar os días do entroido, porque os mozos casi todos pasan eses días na casa.

O serau escomenza ás oito e dura ata a meia noite, non embargante, sempre que veñan moitos mozos de fora, pasan deica a unha ou as dúas. Chegando o entroido non rematan ata pasar das tres da mañá, e o martes deica as catro. O serau nos días do entroido énchese de vellas que van marmullar das rapazas: das que teñen noivo porque fican aburridas, el fala moito, ten roupa maa, beila ben, etc. das que non teñen noivo fan tamén o seu comentario: ¡Pois inda é xeitosal pero non ten quen lle diga ren, e iso que non perdeu un serau en todo o inverno, ¡pouca sorte! Por iste camiño non dan un minuto sementes de descanso á faladeira. Cando van pr'a casa co farol do aceite na man alumeando pra non meter os pés na auga abundosa dos camiños, os cans defenden os eidos caseiros e no poleiro o galo que canta despois da meia noite, bate as aas e dá sinal de ledicia no meio das galiñas que o tempo de ouvir o barullo chían como si pasaran as meigas á súa banda.

Istas son as romaxes que hai no entroido. Fuliada de música non-a hai en lado ningún, todo mais que pode haber é un gaitero que vaia acompañando á momada durante o recorrido, sempre que sexa de día, sendo como decimos pouco frecuente, o mais corrente é que saian as mozas c'as pandeiretas do serau pra tocar cando cheguen as momadas.

OS CICHOTOS

A primeira manifestazón que facía o entroido fora das casas era do dominio dos rapaces, pra eles era un día de festa como quinta feira das carracas e domingo de ramos c'os acibos. O domingo de seisaxésima aparecían cada un c'o seu cichoto na man á veira da eirexa, dispostos a mollar cantas rapazas foran a misa. A noite do sábado percuraban unha cana do rabo da basoira e cortaban un pedazo pol-a banda de riba de dous nudos, facíanlle tres buratos no que resultaba tapado; collían no canto da leña un pau, axeitábano de forma que pudera meterse sen dificultade na cana percurando estívese floxo pra meter as estopas, que amarradas no pau que sirve de émbolo, producen o vacío na parte oca da cana facendo un movemento de retroceso; si este movemento se efeitúa c'o cichoto metido n'un puzo, enchese d'auga, que logo espárese como unha máquina sulfatadora.

Os que non poideron facer o cichoto, por non atopar cana, ou non saber da chave da lacena onde ten fechadas as estopas súa nai levan a lavativa, ou unha cunca inda que sexa vella.

Se nos lugares mais extratécnicos, onde poden coller millor ás mozas, non ten auga, lévana en dous caldeiros. Así van o millor pro campanario bulrando a vixilancia do campaneiro, ou escóndense tras o valo de algún cido.

Ista manifestazón onde tivo mais forza, e onde mais tardou en desaparecer foi en Loureiro. Os rapaces, pequenos e maorciños rubían o campanario pra poder mollar a seu gusto na xente; non botaban auga sementes ás novas, isas eran o pretesto mais a auga ata caía pol-o chambergo dos homes e pol-a cachola das mulleres de idade. Os rapaces un mes antes do día dos cichotos andaban perguntando uns a outros cando era, nas suas casas enganábanos pra ver se pasaba sen ser percibido por eles por mór de que mollaban a roupa e ficaban expostos a levar un golpe, mais iles parecía que llo decía o demo que sabían a data e marchaban todos á misa inda que fora c'a camisiña sen mudar, descalzos e c'a roupa vella.

De ista función non sempre saían moi ben parados porque a xente turráballes das orellas e dos pelos sin perxuicio que en chegando á casa levasen unha tunda boa por saír sin que lles deran licencia, e chegar mollados como parrulos. Cantos golpes levaban non-os sentían, continuaban c'as mesmas forzas regando nas mulleres e cando remataban de pasar as mulleres empezaban os rapaces en loita civil uns contra outros rematando sen ter un fio de roupa enxoiado sobor do pelexo.

De cantos golpes acadaban n'aquela loita, primeiro c'as mulleres e logo c'os compañeiros, non daban unha queixa, iada que andivesen a tombos pol-o camiño; en troques que ninguén sacase o cichoto a un rapaz porque pregaba a Deus mil castigos pra somellante persoa que tanto mal lle fixera. Un día ficaba á veira d'un puzo un rapaz, de poucos anos, c'o cichotiño na man; pol-o camiño pasaba unha vella que avisou ó rapaz non tirase auga en considerazón ás ruzas da cachola, testigos de moitos anos. O rapaz foi o que quixo saber; era vella e non correría tras d'el cousa que houberan feito as novas se lles botara auga, maxinado isto soltou un cichotazo d'auga á vella. A muller puido agarrar o rapaz e deulle unhas boas orelladas; quedaba todo sadisfeito, mais ollou a muller pr'a roupa e veu a de porquería que lle botara o rapaz; estoncias agarroulle o cichoto e partiullo baixo dos pés. Había que ver aquel rapaz: tumbouse no camiño dando salaios de morte, e gritando como se fora pr'a forza ¡Ai que condanada de muller, — excrementaba — qué me rompeu o cichotiño, e tanto tempo levou miña nai pra mo facer! Despois de moito chorar consolouse cando lle prometemos un novo cichoto conque mollar a xente.

Hoxe desapareceu ista costume, os rapaces van pr'a taberna no meio dos homes, xogan á brisca, xuran e fuman como carreiros.

NOMES DOS ENTROIDOS

Mozos e mozas que fan as foliadas reciben distintos nomes según a roupa que levan. Os homes chámanse *lanceros*, *madamitos*, *ve-*

llos e *maragatos*, ademais os oficios *para güeiros*, *sapateiros*, *barbeiros*, *limpabotas* e *guardias civís*. As mulleres levan somentes tres nomes *vellas*, *madamitas* e *muradanas*.

En moi contados casos vístese un home de muller, é unha cousa que non ten atractivo ningún e se tal cousa fan é somentes por pasar un pouco de troula pol-as tabernas enxugando uns grolos de viño entramentes a auga chovedíza decorre pol-os cristales das fenestras. As mulleres vístense de home cando un fatelo de rapazas, quere ir de noite a unha ruada e non teñen homes qu'as acompañen, poñen dúas ou tres os calzós e van de troula, d'ista maneira son mais difíciles de coñecer e non levan medo a pasar as congostras no meio da escuridade da noite ouvindo o canto do moucho e os berros da raposa que lles fan arrepiar os cabelos, pasan as carballeiras facendo a voz grossa somellando homes, pr'o medo non pasa, os laidos do vento nas ponlas dos carballos representanlles salaios das almas do purgatorio.

Chegando ó serau fan o mesmo papel que se foran homes e cando as demais compañeiras tran algún mozo de ganchete, durante todo o camiño van caladas por mór de non seren descubertas, cousa que lles daría certa vergoña.

Lanceros

De todol-os que van disfrazados son os lanceros aqueles que mostran mais gusto no atavío. Unha roupa de militar en día de gala ou un bó traxe branco d'un americano son os primeiros luxos que locen. Como queira que sexa o traxe leva moitos mais adornos que o resto da momada, cintas de seda penduradas dos brazos e das costas, un mantón atravesado na espalda, unha capa bermella sobor dos ombreiros e na chola un gorro de cartón, onto, de feitura trapezoidal recuberto con papel de seda e adornado con cintas de papel (branco, amarelo, bermello, etcétera) penduradas da traseira e dos lados. As pernas apretadas c'unhas polainas negras que serven o mesmo tempo pra suxetar a bandeira, feita por algunha rapaza c'os co-

lores de Galicia ou d'Hespaña e amarrada n-unha cana, de remate fai unha lata de feitura de lanza. A cara lévana tapada con careta. Van d'acabalo tocando cornos que dean bó soido pra sinalar o seu paso pol-os pobos veciños e anunciar a chegada da momada.

As rapazas do barrio dos lanceros teñen garbo en que sexa o seu veciño o que vai millor ataviado, podendo ser que gañe a todol-os demais, ningún di que roupa leva deica chegar á xuntanza en que loce as galas que percuraron as mozas do lugar, istas folgauscando cando eucen loubanzas do lancero.

O número de lanceros que vai nas momadas non é fixo varia dende un deica cinco asegun sexa maior ou mais pequeno o fato dos que van disfrazados. Somentes van pol-o día, destoncias como andan varias parroquias eles son os encarregados de levar a notiza ó poboado onde van facer a fuliada.

Madamitos

Os mozos que millor bailen na parroquia van de madamitos. Cousa moi frecuente nas parroquias de Augasantas e Valongo. Levan a cara tapada con careta e vestido, o millor traxiño que teñen na casa; como adorno locen todo mais un faxín atravesado, anelos e algunha cadea de ouro. Van c'a sua parexa durante todo o camiño e con ela bailan nos sitios da foliada.

A seriedade que mostran—seriedade de protocolo—fai un contraste c'a informalidade de todol-os demais, semellan unha parexa de casados que desexando ollar as novidas da festa tapa a cara pra non ser coñecido.

Hai momadas de Augasantas que levan a tres, e a catro parexas de madamitos, e has tra hai veces que na momada d'unha parroquia levan madamitos d-outra.

Vellos

Levan os vellos un traxe difrente dos demais. Atafeganse con colchas da cama, de pouco grosor, d'isas colchas churrusqueiras que locen os peisanos nos días de festa e cando ven xente de fora durmir á sua casa; cósenas ó redor das pernas facendo a modo

de calzas. A cara tápana con pel de coello c'a lan pra fora e rente da cara poñen un pedazo de pano por mor de que a pel un tanto dura non-os magoe, presentan un aspecto fero é feo, aumentando iste aspecto os bigotes de zerdas de cabalo. Na chola levan un gorro de palla que fan da maneira seguinte: Un sombreiro de palla cosen a ala de contr'a copa en catro sitios e nas esquinas amarran catro varillas que xuntan a un altor de trinta centímetros; as varas recóbrenas con papel inda que sea de preodico; o sombreiro recóbrese tamén con papel ou con farrapos, e de todo penduran cintas de papel barato. Levan unha corda amarrada á cintura e unha soga na man pra mallar os rapaces cando se meten con eles, chamandolle vello repetidas veces, e mais pra botar as mulleres e levar un brazado ó terreiro do baile. D'un cinto groso penduran xouxeles, chocas e campañas pra facer barullo.

Maragatos

Maragato pato,
rabo de la cincha
cuando el gallo canta
maragato rincha.

Tal é a cantiga que sai dos beizos dos rapaces pra insultar os maragatos, situados n'un lugar estratéxico onde non poden chegar as máscaras sen dar tempo a fuxir, berran pra que a sua voz sexa ouvida no mejo de tanto barullo.

O disfraz de un maragato é un traxe do rívés, ou de militar que lle presta un veciño que fixo o servicio fai poucos anos. A cara tápana c'un pedazo de pel de fol bello, aproveitando un cornelle pra metel-a nariz. Na chola, un gorro de cartón de feitura cónica, recuberto de papel e adornado con fitas.

O mesmo que os vellos, os maragatos levan tamén a sua corda na mau e campañas penduradas do cinto.

Os oficios

Aqueles rapaces de bó humor, sempre ledos, mostrando a cotío feitos orixinales que fan rir de cote as moitedumes sen que ende-

xamais a suas verbas poidan ferir a ninguén nin naide fique canso de ouvilos, van nas momadas disfrazados, facendo un oficio, percurando poñelo en ridículo. Son algo así como os *clowns* no circo de cabaliños.

O disfraz é sinxelo, e pra todos pol-o mesmo xeito. Un traxe de peisano c'un pantalón moi apretado e curto, e unha chaqueta longa e floxa, ou ó rivés, pol-o seu comportamento son os mais cordos no meio de tantos loucos.

Vellas

As vellas son rapazas xovens e tamén algunha muller de idade que lle gusta andar un pouco na troula. Locen roupas boas, brancas pol-o xeneral. E moi frecuente que a roupa sexa simplemente unhas faldas boas e brusa feita pra esto. Na chola levan un sombreiro tamén branco, d'algún seu irmán pequeno ou emprestado. Percuran tapar a cara todo o mais que poden pra non ser descubertas. Non fallan alexes d'oura como pendientes, colares e pasadores.

Madamitas

A rapaza que fai parexa c'o madamito chámase madamita, e o mesmo que el ten que beilar moi ben.

A roupa na maior parte das veces é d'algunha amiga que fixo pr'o casamento, por iso é un bó traxe de seda negro da moda dos comezos do século.

Muradanas

Cando van disfrazadas de muradanas, non van mais que duas, levan traxe de labrego com preto roca e fuso adicanse a botar a boa ventura ós mozos, pra que lle solten unhas perras.

As mulleres como queira que vaian disfrazadas tapan a cara c'un pano arraxado por elas de maneira que se enxerguen somentes os ollos e pouco da boca: ó través dos tres buratiños que ten o pano, así con dificultade poderan conocelelas.

SAÍDAS DA MOMADA

Unha agrupazón composta pol-a xuventude da parroquia non vai somentes divertirse, ben é verdade que iste é o primeiro fin que se propon, pro hai algo mais, l-é dar unha nota de dinamismo, de forza, de vida diante as demais parroquias. O elemento xoven garda enerxías pra espallar o seu paso n'os días do entroido, a xente que os enxerga recolle a ledicia da momada n'a que se refrexa o estado de ánimo colectivo d'unha parroquia.

A medida que vai fallando o bon humor, van desaparecendo as representazóns do carnaval. Istes días tan fartos de ledicia outrós anos, son hoxe horas de tristura pra quen ollou o pasado rebuldeiro. A morte de un membro da familia cobreu de loito moitos corazóns, a peste deboura animaes e tolle as colleitas, a miseria entra no fogar; por iso se no meio de tantas angueiras logra o elemento xoven constituir unha momada levanta o estado canso en que fica a xente, e as demais parroquias d'os arredores adimiran aquel dinamismo colectivo. Pra demostrar ista forza leda vai a agrupazón pol-os pobos veciños continuando a costume dos antergos.

Acordan sair a unha hora determinada, sempre despois do meio día, e fixan un sitio pra xuntarse. Unha vez xuntos van diante os lanceros tocando os cornos e galoupeando nas cabaleirías, gañando cada vez mais dianteira ós demais da momada; ó chegar ó pobo onde a xente vai ollal-os, esperan un pouco, logo van mais lonxe pra que os veciños d'os lugares apartados teñan noticia da chegada dos entroidos, e así por e así, cando van os de Loureiro ou Rebordelo a Famelga chegan os lanceros deic'o Fental, d'ista maneira teñen a certidume da momada os de Valongo e Augasantas; despois tornan ó encontro d'a comitiva que vai pasenñamente pol-o camiño no meio dos aturuxos dos disfrazados.

Entramentres a momada non chega, a xente xúntase pra ollalos; énchense os balcones de mulleres de idade que teñen medo de levar un golpe no terreiro, as mozas tran duas pandeiretas pra facer festa cando che-

guen, e os mozos arrimanse n'unha esquina seguros dos rempuños que van levar.

Pol-o camiño os maragatos e os vellos corren tras das mulleres xovens e vellas e cando poden arrecadadas danlles uns cantos abrazos. Os vellos agarran un mozo do brazo e lévano collido todo o camiño, van falando con voz finxida e se o mozo amosra intrín por concelos danlle uns lostregazos ca mimosa que levan na man. En chegando a uns cen metros do sitio onde os esperan botan todos a correr, os vellos e maragatos choutan nos moreós de mulleres, abrázanos e freganlle a pelica do conexo na cara; atan unha ca sogá e lévana ó baile inda que sea á forza. As vellas corren tras dos mozos pra bailar con eles e cando non queren ir apañan c'o ramallo. Tanto os homes como as mulleres andan sempre remudando, chegan c'a parexa ó turreiro dan unha volta e déixana quedar.

Os rapaces que fan algún oficio estenden a quincallada en calqueira parte; o para-güeiro pol-o camiño leva aberto un pariaugas cheo de romendos e ó pasar xunto de unha silveira fai xeito de que rache mais do que xa estaba, chegando ó turreiro do baile ponse diante d'un feto de mulleres e ofrece a venda d'un ouxeto bô que traí envolto debaixo do brazo, desenvolve o fatelo e despois de moitos trapos aparece unha cana d'un pariaugas con dous ferrollos e unhas cantas baleas.

O *limpa botas* é un rapaz traveso, onde non pode cepillar coa man as pernas das rapazas, saca un cepillo de poucas serdas cheo de porcaria i-embouta de lodo os zapatos luxosos das mulleres.

Os *guardias civís* adócanse a levar a xente en certo orde, facendo de fusil un fungueiro ou cousa somellante e cando alguén fica quedado fan ademán de matalo.

O *barbeiro* leva unha sábena cuberta e unha navalla de pau ben grossa, ademais unha caldeireta furada e unha basoira de xesta. Sempre ofrece os servizos ás donas facendo loubanza da súa sabencia.

É característico do *zoqueiro* mazar a sola c'a man esquerda e cravar en vez de chatolas, un cravo de carro, groso e cheo de ferruxe.

O *sacamoas* leva unhas grosas tenazas e cando roga c'o servizo amosra catro dentes de besta en proba do ben que traballa.

Réstanos falar agora dos *probes*, que non fallan n'unha momada de certa importancia. Na maioría das foliadas non hai mais que un probe que leva roupa vella e un saco cheo d'espíñeiro con ouxeto de que as mulleres rabuñen as mans cando lle dan algunha pastorexada. Tivemos ocasión de apreciar n'unha momada de Carballedo un cego co-a muller e un fillo; o cego levaba un violín feito por él, que dende logo non tocaba ren, a muller era outro mozo con roupa de muller, facían os xeitos que fan ises cegos que andan pol-as romaxes sen carteles cantando ó redor de todas as mesas de comida.

Todos estes que van c'o seu oficio apenas bailan, o que fan é darlle algúns abrazos ás mozas sempre que teñan ocasión pois ás rapazas é mais difícil que as poidan coller por levaren a trouxa na man, non embargante percuran a ocasión e cumplan o intento.

N'unha esquina bailan as parexas de madamitos sen que naide os estorbe, no meio da admiración das vellas que ollan dende os balcóns. Perto dos madamitos bailan os lanceros tamén con certa seriedade agora que remudando a parexa a cotío.

Despois de levar algún tempo bailando, unha vella colle da trenla un cabalo dos lanceros e dá dúas voltas ó redor do baile, espaxando papeliños na chola dos mozos.

Os *vellos* e *maragatos* sempre que poidan subir ós balcóns, onde as vellas enxergan a momada, non deixan de facelo, e unha vez xunto d'elas danlles uns cantos abrazos e tornan ó terreiro, onde as rapazas tocan as pandeiretas e cantan, mais a súa voce e o barullo das ferriñas apenas se deixa ouvir pol-o barullo da xente en loita co-a momada.

Ás veces levan un gaitero e un burro no que un suxeto entra na foliada de pé dando as costas á cacheira do animal.

Pasado algún tempo de foliada un mozo disfrazado monta no burro ó rivés e lê o sermón do entroido. Nas freguesías que facemos referencia non poidemos arrecadar mais que un exemplar do sermón que tiñan os de Augasantas e Valongo, e que damos a coñecer compeito:

SERMÓN DO SANTO ENTROIDO

Mis amados oyentes
un favor les voy pedir
que cierren bien la boca
para se fartar de rir.
¡Oh Patriarca Garrán!
En el sitio en donde me hallo
vuestros trabajos y fatigas se
[explicarán.]
Pero estoy muy agradecido
por el gran concurso de gente
que aquí ha venido.
Venís a solemnizar
las fiestas de este gran santo
que para muchos estos días
es peor que un encanto.
Porque con tanta rua
e con tanta festa
a algúns o que comen
moi mal lles presta.
Venid y escucharéis con aten-
[ción]
y llevareis de este santo
el grande galardón.
Os voy a manifestar
toda su grandeza
que a todos aventajó
principalmente en pureza.
Ha sido el ejemplar
de las jóvenes y doncellas
su cara siempre pura y bella
como las mismas estrellas.
Sabeis fieles míos
la pureza de este santo?
pues a nosotros nos manda
que seamos otro tanto.
Ya en su modo de hablar
de las mozas solteras
cuando le hablan algunos
ya piensan que es de veras.
Solicitan permiso
para las ruadas
pasando noches enteras
¡Ay! ¡Que vidas desastradas!
Non contemos todo o que pasa
porque elas ben o saben,
pero non hai que ter medo
que d'ise cabo s'alaben.
Despois vaise chegando o tem-
[po]

i-as probes c'os seus choca-
[llos,]
A sua xente da casa
danlle bastantes traballos.
Andan-o curando
por enfermédá,
l-os da casa uns pr'os outros,
que será, que non será.
Andan tomando
mil crases de herba,
e con perdón dos que me oien
habían de tomar m.
Elas zurza non-o queren,
porque lle non convén.
Desgraciados dos pais
que tales fillas ten.
Pois non lles dar libertá,
e non hai que se cansar,
que anque non saian da casa
non han deixar de se casar.
Atendede ben o que vos digo
e non tomar a conta a chanza
que algunhas que non fagan
[caso]
pagarán a confianza.
E pidiredes a iste santo
as que estades conservadas
que Dios vos libre de outro
[tanto.]
Pois agora deixareivos
que seica escarmentarés
e vou començar c'os homes
que aquí tamén corre intrés.
Os mozos solteiros iste apo
como non tén chovido,
moitas ruas e cachóns tén co-
[rrido.]
Van por pasear
e gastar os zapatos
e se cadra é ven o caso
cometer mil desacatos.
Ista é unha verdá moi pura,
que andan moito de noite
e a moitos vai botando
para a sepultura.
Pero coidado mocifías
que n-ista melicia,
nos mozos non hai
senón malicia.

E mirade que o padricador
[ben vos avisa,]
e vós se queredes,
non tomés-a conta a risa.
Encomendáivos a iste santo
todol-os días con devoción
e veredes como vos libra
de todo peligro e tentación.
Porque los mozos
en estos tiempos,
son muy blasfemos
y lujurientos.
Xa lle quitan o mando ós lo-
[bos,]
que andan pol-a alta noite,
como si estiveran tolos.
Son cousas da xuventú
que anticipan a velleza
e botan a perder a salú.
¡Oh! jóvenes y doncellas
emprendereis nuevas vidas
siendo tan puras como las
[mismas estrellas.]
Y acudamos todos
a nuestro Patriarca Garrán,
que espero que todos sus co-
[razones influirán.]
Y venid todos a porfía
saludando con la más tierna
[bizarría:]
¡Ave! ¡Ó Patriarca Garrán!
hoy a vós todos acudirán.
Espero de vós que nos favore-
[za vuestro auxilio]
humildándose todos,
bajo vuestro domicilio.
Vós que curáis a los sanos
dais salú al que no la ha per-
[dido.]
¿Quién será la criatura
que os tendrá en olvido?
¡Oh Patriarca Garrán!
viendo que haceis tantos mi-
[lagros]
a vós todos acudirán.
Principalmente porque aven-
[tajó a toda criatura,]
os voy a manifestar
toda su hermosura.

No había criatura
que le igualase
siempre en saber
a toda clase.
Porque a los diez años decía
[tatá, tatá] E o que así non-o fixer
a los once ego
y a los quince cumplidos,
viendo su despejo.
todos quedaban aturdidos.
Porque ya decía mamá, la lá
y llegó a los veinte
ya se tenía a las mesas
ya se enamoraban del
hijas de condes y princesas.
A los veinticinco fué a la es-
[cuela] en su famosísima historia,
lo que jamás se ha visto cosa
[como ella.] que desde sus principios,
tuvo mucha memoria.
A los treinta ya sabía
Kristos A, B, Z, Q.
¿Y no te admiras tú?
Pues habeis de saber
que llegó a Patriarca,
patrón del Carnaval
y tú que esto conoces
no te hagas tan fatal.
Y vós patriarca Garrán
que siempre en estos días
se come más carne que pan.
Sempre o entroido
foi farturento,
pero ven sete semanas
e despois entra o descuento.
Pero agora n'istes días
cada un coma pra diante
que pra forrar,
tempo a vir bastante.
Isto de carne, petotes e bandu-
[llo] y su madre Doña Ana Du-
[rán.] perdonadle,
comer deica atacarse
uns a outros c'un estadullo.
Ir mollando pra que corra
que chegar a de chegar
principalmente pr'o que morra
O que por iso non teña
cartos no bulsón
non sirve a iste santo
con devoción.
Porque iste santo penetra
os mais ocultos sentimentos

por iso nos trai así contentos. Estudiou toda crás de artes e
Todos debemos pedir
con fervor e devoción
para que nos perdone
e nos bote a bendición.
o que lle viñer.
A todos pido igualmente
que cada un nas súas casas
coma e beba deica deixalo
[pol-o dente.]
Pero fieles míos
Nos cuenta el Padre Basillo
de la vida de nuestro Patriar-
[ca Garrán.]
que non moita cordura,
xa poden botar de conta,
que están entrando na sepol-
[tura.]
Pra ir a rua moita rebasa
non sei se terán tanta
[mo] pra razar o rosario na sua ca-
[sa.]
¡Oh padres que familias te-
[neis!]
non hai que lle dar libertá,
que no último día
non sei como vos pasará.
Pues venid todos ante el Pa-
[triarca Garrán]
perdónalle a iste meu audito-
[rio]
que non volverán mais ó pe-
[cado notorio.]
Y vós Patriarca Garrán
perdonadle,
que jamás mozos con mozas
[se verán.]
¡Oh Patriarca Garrán!
ya las mozas no tendrán más
[garbo]
ni los mozos más vanidad
[gastarán.]
¡Oh Patriarca Garrán!
Perdonadle
que ya viejos y mozas
[ra.] se convertirán

Estudiou toda crás de artes e
[habilidás]
por fin toleou
i-escapoulle os pais.
Veu correndo por isas terras
[adiante]
c'o que ninguén coidaba n'eso
o demo da besta femia
chegou hoxe eiquí ó Peso.
Veu descubriendo as mauladas
que nos mozos e nas mozas
están atapadas.
Nos dice el santo que todo se
[publicará]
que nas mozas non hai senón
[garbo]
e nos mozos vanidá.
Hai por ahí algúns vellos e
[vellas,]
que non moita cordura,
xa poden botar de conta,
que están entrando na sepol-
[tura.]
Pra ir a rua moita rebasa
non sei se terán tanta
[mo] pra razar o rosario na sua ca-
[sa.]
¡Oh padres que familias te-
[neis!]
non hai que lle dar libertá,
que no último día
non sei como vos pasará.
Pues venid todos ante el Pa-
[triarca Garrán]
perdónalle a iste meu audito-
[rio]
que non volverán mais ó pe-
[cado notorio.]
Y vós Patriarca Garrán
perdonadle,
que jamás mozos con mozas
[se verán.]
¡Oh Patriarca Garrán!
ya las mozas no tendrán más
[garbo]
ni los mozos más vanidad
[gastarán.]
¡Oh Patriarca Garrán!
Perdonadle
que ya viejos y mozas
[ra.] se convertirán

¡Oh Patriarca Garrán!	ya los mozos confiesan	báixalle a bragueta ô calzén.
ya los mozos no serán lujurio-	que jamás de la casa saldrán.	Iste ano c'o inverno
[sos,] Pues venid, venid, venid	a buscar la bendición	morreron moitas ovelas,
ya dicen que jamás pecarán.	e vós Patriarca Garrán	eu acabei o sermón
¡Oh Patriarca Garrán!		e vós baté as orellas.

O sermón tén unha post-data que non lían, somentes o ano que o fixeron, por facer referencia ô serau do mesmo ano.

Dí o seguinte:

N-iste presente ano
o día once d-iste mes
houbo unha aposta na rua de Valongo
que sirveu de entremés.
E non hai que tomar a cousa en chanza
comeron e beberon ben
a conta da venturanza.

Todas istas composizóns de caraiter tan popular son debidas a un rapaz do Tevoello (parroquia de Augasantas) chamado Manuel Caramés encargado de darlle lectura en varias momadas.

Rematado o sermón marchan todos pra outro lugar na forma que fixeron deica eiquí. Naide se atopa canso, vellos e maragatos de novo choutan os valos e galgan pol-as searas en procura d-unha moza ou d-unha vella.

Chegando ô derradeiro lugar do itinerario tornan pro lugar de xuntanza. As vellas que hastra agora collían pol-o brazo a calquer mozo, percuran os noivos, as que tal fortuna ten, e as demais collen ô que sexa mais do seu gusto e lévano pr'o serau, que dá comenzo ô chegar a momada á parroquia, e no serau botan deica as catro da manán sen descanso ningún.

O conxunto da festa dá idea d-un gasto de enerxía compreto, naide ten acougo en ningures, faino mellor o que mais tolee, aquela rapaceada rebuldeira gasta as forzas no convencimento de que logo na coresma non terá onde empregalas, así con somellante folga tempo terán de recobrar o perdido.

As momadas de noite

Sempre que vaia de noite unha momada non leva lanceros nin oficios, van somentes vellos, vellas e maragatos sendo mais fre-

cuente que tampouco vaian vellas; dirixense ô serau onde fican as mozas, mozos e mulleres de idade sentadas nas táboas e no chán, cando oucen as campaiñas e ven entrar un mozo soio, pófiense todas de pé, as parexas de noivos percuran as esquinas pra que naide veña estorbalos. Entran no serau os mozos e mozas da momada, as pirmeiras que acadan os brincos dos homes son as vellas, vólvese todo unha feira, as mulleres non fan mais que fuxir d-un maragato, xa topan con outro. Logo de botar un cuarto d-hora marchan camiño d-outro serau.

Como xa dixemos non van oficios agora que as vegadas fan algunha travesura que non sexa propio dos maragatos nin dos vellos, como por eix. entrar un c-unha pá de terra i-esparexela no cuarto do serau ô mesmo tempo que se tumba como se ficara bêbedo, detrás entra un compañeiro c-un barridoiro i-escomenza xuntando na terra, pero de repente non tan soio espárese mais senón que barre nas pernas das mozas con lixeireza; pr'o isto é unha cousa que fan moi poucas veces nas momadas que van pol-a noite.

COMPARSAS

As comparsas é cousa que non ten adeutos na xente nin pr'o que vai n-ela, nin tampouco pr'os que a enxergan; a xente está acostumada a ollar as momadas onde todos brincan e van c'a cara tapada, e se ven unha comparsa onde van c'a cara descuberta non lle alcontran mérito ningún parécelle que van facendo o parvo, sen ningún ouxeto. Non embargante ás veces hai unha comparsa composta de mozos que levan un traxe cheo de cintas e andan recorrendo os lugares das parroquias sen levar a cara tapada. Tivemos ocasión de ollar unha en que iban tapados, por iso gustaba mais á xente, onde iban uns cegos cantando cantigas ás mozas descubríndolle os segredos e dándolle bro-

mas con algún mozo, e un arrieiro, que tiña de bestas de carga uns cans de palleiro.

A CORESMA

Nos días de piñata era costume entre os barrios que tiñan certa envexa levar a coresma uns os outros. A coresma era un espantallo de teixugo: unha roupa de home ou muller chea de coímo por dentro, púñana no camiño cerca das primeiras casas do pobo, os veciños cando atopaban á mañán a coresma gardábana e logo pol-a noite levabana a outro lugar onde tiñan dúbida que a fixeran; a operación repetíase e remataban queimándolla a veira d-un pobo. A costume perdeu-se porque chegou a picarse a mocidade e denantes que houbera barullos e pelepas dei-

xaron a coresma en paz. Agora pasado martes d'entroido os mozos a maior parte marchan gañar un xornal pol-o oficio, e as mozas traballan na laboura da terra, i-os domingos van co-as vacas pr'os eidos de ferran e levan a cartilla pr'a repasar un pouco a doutrina; sentase na estrema do eido e lê un pouquiño, logo o pensamento fuxe en procura do noivo, fica algún tempo nun sono de ledicia, cando esperta sintese moi triste e torna as vacas da veiga allea, salaia fortemente, logo sentase i-escomenza de novo c'a cartilla.

Finou o entroido... acabouse o rebulicio... i-eu finei iste traballo.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS.

[TERRA A NOSA]



VIDAS NON PARALELAS

(NOVELO)

(Proseguimento)

III

No pazo d'aldea unha door viña xa noviña e malina cando apenas a door anterior esmorecía. Figurában os froitos de cada sazón n'aquella casa tristeira. As terras deixadas cuáseque a bravo pol-os caseiros non daban o preciso pra mantenza da viuda de Vilasantar e seu filliño. As veciñas ollaban moitas veces á señora incrinada pol-as manciñas sobr'a terra xiada procurando unhas tristes nabizas pro caldo. As carballeiras da casa eran montes comunaes onde tres lugares faguian leña e non había toxal pechado nin portelo en pé. A señora quixo apricar o sistema da Economía caseira d'un pisiño diante San Agostiño de Sant-Iago á escala d'unha casa de labranzas. Tardou un ano en saber rexila. Catro estaciós d'esprenceas. O largo d'elas outra door por caso raro volto hastra insospeitada lediza. No propio lugar do pazo morreu unha muller aínda moza; a señora fora na noite de chuvia acompañare a El Señor e ficou maravillada da estrana fermosura d'unha rapaza d'unha dúcia d'anos, qu'andaba por ali chorando, a soila filla da doente, a que de fixo era demasiado tenra pra facer o pranto pol-a nai. Tod'a noite pensaba n'ela a señora: os loiros rizados caían sobr'a fronte d'un xeito particular e tiña no fondo dos ollos unha luz meditativa, rara nos seus anos. O abade informou-na do caso con todas as precauciós acostumadas: chamaba ó gran curazón da señora afeito a door e a caridade. A nena ficaba orfa, sin amparo. Dinantes qu'o crego chegara ó remate xa a señora se decatara do conto: a rapaza era filla do seu home irmá dos seus fillos. Agora añudaba lembranzas,

feitos, datas, semellanzas. Chorou mágoas antergas, e saíu purificada do chorar. A nena chamabase Florindiña e foi deseguida a señorita da casa. Ó principio ela coidaba qu'a chamaban pra tanguer as vacas. A señora sentouna na mesa, ensinoulle a escribir e a rezar e levouna a Sant-Iago pra que vira o botafumeiro e os xigantós, vestida de negro con velo de loito e zapatitos finos.

Decorrendo os anos a saúde da señora foi decrebando. Probeza fidalga, débidas e penas. Soilo a consoaban o Xacobe qu'en Sant-Iago gapaba a carreira e a vida e o amor da Florindiña. Dende que tiyo que pechal-a porta ó Rosendo quedáronlle as maos tremorosas e dubidaba no fondo da sua conciencia da fé na Eirexa. O Pauliños nin xiquer servía cando foi maior pra gardar a dinidade da casa. Rodaba pol-as feiras e as tabernas xogando e bebendo, roubaba os aforros da nai, perdera toda educación e cultura señorial. Cando morreu a señora coidada mimosamente pol-a Florinda o Paulos andaba c'us tratantes de gando por terras luguesas. Díralle pol-o negocio i-en Villalba por un feito feio cuáseque o deixaron morto a paus us chaláns de cabalos. Tiña pra Florinda unha xenreira calada, qu'agora estralou, i-en segredo desprezaba a superioridade inteleitoal do Xacobe. Fíxeron as probes particiós e os marcos esmigallaron as terras e a casa. O Xacobe renunciando ó seu cupo soilo se quedou c'un soute de castiñeiros vellos á beira da estrada. «É a miña raiz no torrón labrego» dicía. O Paulos vendeu sua parte por catro cartos; a maior porción d'eles foron pra pagar débidas de mala caste. A Florinda tomou unha criada vella, un criado, un rapaz pr'o monte e dispúxose a

loitar c'a vida. O Paulos despediuse dos amigos c'unha gran borracheira que estrondou con berros e pitos de villeus as ruas de Sant-Iago pol-o tempo da feira do San Martiño e ós dous días collía na Cruña un pasaxe pra Cuba.

No viaxe fíxose na psicoloxía do Paulos unha rara mudanza. Deixara no peirao galego o fatelo de señorito perdido d'aldea e naceulle unha ambición de diñeiro. Volvía a ser o sapo-concho do Instituto que vendía a merenda por un patacón e roubaba na coíña lamberetadas pra comer pol-a noite, soíño, sin dar parte a ninguén. Axudaba a iste cambeo a vista dos elegantes viaxeiros da primeira, dos empregados e dos oficiás que camiñaban ás Antillas, namentras il, na porca bodega da terceira chalaneaba con vellos picarescos e apalpaba na loita c'a vida e c'a miseria. No barco facíase política. Un rapaz galego, abogado, que non servira nin pra un destino no Auntamento do seu pobo, facía grandes discursos contra os Estados Unidos e repetía frases de Cánovas del Castillo. Ó empardecer, sobr'a infinda tristeza do mar calmoso, un mariñeiro de Muros tocaba no acordeón aires de tal malenconía que moitos emigrantes e soldadillos novos rompían a chorar sin consolo e os paxaros voadores non querían pousar n'aquíl barco. Na sala de primeira os señoritos de bigodes engomados e outo colo pranchado bailaban o «vals das olas» ollando pr'as criollas priguizosas, aquíl vals que foi de moda en tod'o Atrántico dende New York ó Cabo, como si quixera enganar c'un romanticismo de «pañuelos que se agitan sin cesar» a morte do Imperio colonial da España.

O Paulos dinantes de s'orientar sentou praza no exército. Raposeiro e de boas narices cheiraba un tempo de rebumbio bó pra faguer fortuna aixiña. A campaña levabase c'unha enerxía galvánica e cada mañán s'agardaba a intervención dos Estados Unidos. O Paulos entrou n'un reximento de infantaría; c'o traxe de rayadillo e o jipijapa facía un soldado un pouco grotesco pois aínda iba ben mantido da Galiza e contrastaba c'os soldados vellos alimentados pol-a Administración Militar. Contodo, fixérono

cabo e a pouco entrou *en fuego*. Iban n'unha columna mixta pra defender ingenios ameazados; n'un d'eles o dono, un montañés franco, diulles ós soldados un gran banquete con viños de España e tabacos dos bós. Aquíl señor dicía qu'a culpa da insurrección fora dos partidos liberás e dos repubricáns que fixeran ceibes os tiznados. «C'os meus escravos d'outrotempo calquera s'astrevía a tocar ó inxenio!» Un cocineiro chino fixo pr'os oficiás un xantar maravilloso: o Paulos recordou sua educación de señorito e logrou participar n'il; contando contos galegos facía rir ós oficiás i-ateigábase de viño e puros. Ó amañecer atacaron os mambises i-houbo *fuego* tod'a mañán, un *fuego* froxo, aburrido e perigoso. A cousa non figuraba ir adiante cando sobre das doce c'un calor abafante concentráronse sobr'o inxenio novas partidas i-a cabaleiría negra cargou machete en man por onde menos s'agardaba. O Paulos, andando o tempo, soilo se lembraba de ir en guerrilla por un cravo do canabal; unha tromba de xinetes negros pasou riba d'eles macheteando a moitos. Algús españoles xoenllo en terra chimpanón a varios mambises. O Paulos feride na frente e atontado d'unha patada de cabalo caíu entr'as herbas e istintivamente fíxose pequenillo i-apegouse á terra como un verme. Cando s'astreveu a erguer a cabeza a fusilada viña de lonxe, aquilo figuraba tranquiño, algús feridos queixábanse mansiño, un negrazo morto daba medo cos ollos moi abertos. O Paulos tivo valor pra sacarlle do bolso un frasco de *whisky*. Sorbendo un longo trago xa foi home pra andar de pé i-achegarse a outro morto debuzado no chán. Un sarxento español c'a testa fendida d'un machetazo. O Paulos, aixiña, colleu os galós do sarxento e coseunos na sua manga, gardou a documentación do morto, i-emboscándose no canaveiral tivo medo; o chán facíase lamiguento unha forma grossa e torpe movíase entr'a lama. O caimán. Quixo volver ó campo d'aución e non acertou co il. Viña a noite aixiña. Gracias a qu'atopou un albre e rubiu agatuñando. Apesares da febreza mantívose sereo i-atento. Chegaban lonxanos estrondos de guerra i-algo estralaba non lonxe; de súpeto a grande roseira de fogo

d'un incendio alumeou os campos i-algunha lonxana loma de pedra caliza das qu'en Cuba chaman cuchillas. Ardía o inxenio com'un palleiro. Estranada por aquela luz unha serpente negra desenrolábase inqueda ó pé do albre de Paulos. Aínda danzaban as chamas cando as copas d'unha avenida de palmas reales dibuxáronse na luz da ialba. C'a mañán viña pol-os canabales unha guerrilla española. Sentíase mais lonxe o trepar d'unha columna en marcha. O Paulos soupo que os Estados Unidos decrararan a guerra, qu'estaban bloqueados e que se dispuña concentrar gran parte das forzas nas plazas da costa. A pequena forza que defendera o inxenio fora cuáseque morta ou dispersada por unha insospeitada concentración de mambises. C'a febre d'aquelles días o Paulinos non tiña medo que se descubrixa o engano, e foi destiñado a Sant-Iago de Cuba.

Nos primeiros tempos os soldados estaban ledos. Pol-o menos había un nemigo franco e craro. Todos tiñan gran confianza na escuadra e buirábanse do bloqueo. Logo España mandaría barcos e diñeiro e mantenzas. Nas ruas de Sant Iago había unha grande animación. Xogo, mulleres, disputas. Todos mimaban os mariños dispostos a saír. Comenzaban a amingoar as mantenzas mais non o bó humor e pol-a noite a gaita e a guitarra, a dulzaina e o pito castelán lembraban a Patrea lonxana. O Paulos tivo arte pra conquistar o amor d'unha negra vella que tiña cartiños aforrados do seu oficio de adiviñadora e sabea en artes máxicas, e sempre comeu e bebeu ben anque tivera qu'abrazar aquel corpo fedehondo que nos instantes de paixón relampaba un branco d'ollos de pasadelo. Cando bruaba o caño-neo das escuadras, o Paulos estaba nas trincheiras. Falábase galego. Andaba por alí un comandante qu'o Paulos lembraba de garnición en Compostela. Ó chegar os primeiros cascos da metralla o Paulos ficou ferido n'un homebreiro. Queixábase amarguradamente no hespital de sangue ouvindo ó lonxe o te-crear das ametralladoras. Pol-a noite foi levado á cidade. Apenas se diu conta da rendición da praza. Houbo días de fame, pasados por toda mantenza c'unha espiga de millo asada. Saído do Hespital o Paulos foi-

se ó campo pra non ser repatriado. Tiña ús cartos da negra, e xuzgaba chegado o tempo dos negocios. Asociado c'un andalús e un castelán puxeron unha tendiña preto d'unha estación do tren. Fixeron unha presa de cartos, e unha vez o Paulos chegou de Sant-Iago c'unha nova; vendíanse grandes larganzas de terreo por pouco diñeiro. Os tres homes c'o seu ouro american mercaron unha finca a bravo con auga e algús arboredos de boas madeirás. Arrombaron de calquer xeito a casa arroñada pr'acougarens e tomando algús negros, comezaron a traballar. Foi unha mala tempada. O Paulos tiña medo ó *majá*, o sol queimáballe a testa e prefería faguer de cocifeiro pr'os mais. Nas sextas perfeccionábase no uso do revolver e do rifle. Dinantes d'un ano pouco tiñan adiantado, mais chegaron os inxenheiros trazando unha liña de ferrocarril. Pranearon a estación na mesma finca. O castelán non s'enteiraba de nada, levaba moitas semáns doente e maldizoaba aquela terra. Cando se pudo erguer vendeulle ó Paulos sua parte por unha presa de pesetas, e camiñou. Logo na cibdade, soupo o cambeo de valor da terra e escribiu pra desfaguer a venda. O Paulos non contestaba e o outro non tivo áne-mos pra vir a recramar revolver en man.

Comezadal-as obras a finca valía us miles de pesos. Deseguida chegaron ofrecimentos. O andalús aínda canso d'aquela vida traballosa non quería vendere. Figuraba bó negocio agardar unha tempada. Pro non tiña un carto e deixouse amolecer pol-a superioridade económica do Paulos. Venderon ben e tod'a noite, non pegaron ollo cada un temendo ó seu compañeiro. Cediño, o andalús, saíu e foi car'unhas cienagas qu'había n'un fondal do terreo. O Paulos foi tras d'il com'un raposo. Cando nacia o sol o Paulos chamaba a grandes berros nas chavolas onde s'aloxaban os xornaleiros (dous negros i-un galego esfameado):—«Vinde, acodide, meu socio foise bañar o probe, i-afogouse na cienaga». Entre todos sacárono con grandes traballos. Estaba ispido e gomitaba auga limosa. Pra non andar en lios c'a xustiza, díronlle terra en calquer parte, o Paulos despediuse dos xornaleiros c'unha comida na cantina dos traballadores da vía, cami-

fiou pra Habana, e puxo o capital n'un Banco norteamericán. Entón xa sentía a chamada da Terra. Hastra algunha vez foi a Tricornia pr'ouvir falar galego na coarentena. Deseguida recapitou. Non, aínda era novo e forte, sabía moito do mundo i-o mundo é ben grande. Cedo pra folgar n'unha casa nova na aldea. ¿Un negocio en Vigo? Non. España debía andar mal. Logo desexaba volver rico, un bicho forte, indiscutible, Pr'asombrar o parvo do Xacobo, seu irmán, i-os notarios, abogados, e menciñeiros e potingueiros que foran seus compañeiros no Instituto e tratábano de túzaro e sapo-concho. Mais dubidaba nos camiños que levan á gran riqueza. Os negocios requiren tempo, aplicación, pacencia, método. Algunhas serán de calor abafante o Paulos sentíase estranamente chamado pol-os escaparates das xoieirías. Brilaban pingas d'orballo, centileos de estrelas, sinxelos e tentadores. Alí estaba a fortuna. O Paulos afeito ás noites da facenda cubana, c'o rifle ó alcance da man, non tiña medo da noite nos campos de diamantes. Pensou no Transwaal. Maila grande Africa negra, pechada, figurouselle lonxana e misteriosa. O Paulos amorenado pol-o trópico sería desmasiado sinalado, entr'as greas de aventureiros loiros, de falares estranos, grandes forzas, ollo cruel d'aceiro. Millor unha terra mol, priguizosa, de autoridade froxa, onde se precisara tanto ou mais raposeiría que xenio destemido. Falando nos peiraos con xentes de toda caste atopou c'un perdulario, intelixente e borracho, portugués esprimentado no negocio do caucho, que por unhas boas comidas e unhas cantas borracheiras, l'espricou ó Paulos o itinerario dos diamantes do Brasil. Tomou un pasaxe pra Bahía e tratando c'os negociantes impúxose deseguida no asunto. Os criadeiros ficaban lonxe, en terras perigosas. O Paulos non se contentaba con ser un bó garimpeiro. Xermolábanlle outras ideas na testa. Prantouse en Río e deixando seu bó fatelo colonial, seus aneles e charutos, demandou traballo n'unha xoieiría. Era o amo un italiano listo, vello, avaro, metido en moitas porcalladas, mais d'unha grande pericia na arte. O Paulos, afogado n'un tabuco, mal mantido, adeprendía o oficio con

verdadeira febre. N'aquela escura oficina fa-guíanse maravillosas trasmutacións, i-entramblicas contos de empeños e préstamos. Cando estivo práuteo, c'unha boa pistola, pouco diñeiro e moitas áncias de loita, afeito ó clima, e dándolle o acento galego unha escura nasalidade, foi pro estado de São Paulo. Apenas se fixaba nas fazendas de café ond'o traballo aínda se acompañaba con longas melopeas d'esclavitude, nin nas serras basálticas relampantes ó sol, nin na «Chapada» d'estesos hourizontes percorrida pol-as mainas greas dos rebaños de bois. Entón aínda non rubían os grandes barcos pol-o Paraguay, i-o Paulos entrou no curazón virxeñ do Brasil c'unha caravana de *seringueiros* que iban sangrar o caucho das ricas *heveas* nos bosques xa ecuatoriales, do outo Araguaya. En Goyaz, vila nova, d'ambicións, d'ollares sóspeitosos, tensa enerxía primitiva e noites de vicio, aloxouse n'unha chavola de negros, xente fatalista, asulagada n'un caóteco folklorismo, aixiña conquerida pol-a superior pericia do Paulos no manexo do rifle. Primeiro decatouse ben do país. Os bosques estaban mollados, os regueiros crecidos, un bafo de calor e d'humidade cobría a terra podrecente de poderosas xerminacións. Insensibre ós traballos do corpo dinantes da chegada da sazón enxoita xa o Paulos tiña escudriñado as beiras do río Claro, do río Bermello, do río Coyaposinho entr'a néboa abafante do bosque sobras augas. Chegou a esquencer o valor do tempo todo dado á procura dos diamantes. Ó luar, nos aluviós dos ríos peneirando a area, c'a pistola na man, ouvía o caír d'ouro da area de cando en cando descubrindo un diamante. Endexamais souperon os outros garimpeiros coma chegara a saber dos xacementos do río das Garzas en terra perigosa dos indios Bororo, e coma vivira no bosque e na chapada, e coma ocultaba os seus tesouros. Os negros servían coma cás e il non l'es perdoaba os chicotazos. Folgaba algunhas tempadas en Goyas, onde falaba d'istalar unha grande colonia agrícola por conta d'unha casa alemana. Cando estivo rico, con millós no cinto e nos recunchos do traxe, desapareceu e non pegou os ollos no longo viaxe

a Río. Alí, despois de tratar c'os negociantes e cos Bancos, decatouse, de ser rico, poderoso. A primeira parte do programa non poidera saírlle millor. Foi a épica do Paulos. Volvía da sertão e da chapada c'a yalma d'un traficante d'esclavos e no canto das faragullas de pan dos mais emigrantes probes levaba no bolso frangullas de diamantes.

Xa n'Habana non se consideraba t'er chegado á estaxe tranquila da vida. Dominara no deserto c'o rifle, agora teimaba dominare na cibdade d'end'o escritorio comercial. Unha francesa esperimentada e fina galga, gran coñecedora d'América e dos americanos, foi a súa compañeira de guerra. Trazaron a conquista de México. C'a Margot, frol da feira de Neuilly, corpo apachesco baixo peles de princesa rusa, un pouco labourada pol-a vida, alternando figuras de Pompadour d'almacén con rebeldías de Montmartre, todo b'o pra impresoar o romantismo orxiástico e recuado das Democracias do novo mundo, prantaron na millor rúa de México un grande *magazin* de modas e xoias. Tidoabase «Au Carnaval de Venice» e deseguida tivo na porta os millorés autos e a clientela mais escolleita. O luxo das modas de París cobría as campañas financeiras do Paulos, sempre amable i-atildado, metido n'unha pequena oficina, ond'iban a parar pedras do tempo dos virreís e dos filibusteros. O Paulos nemigo de toda literatura chegou a decramar poemas de Juan de Dios Pesa i-alternar en *juergas* bruantes c'os toreros españoles, sin perder nunca o tino nin separar moito a man da culata da pistola. A grande cibdade, de ceo tranquilo e primaveiral, figuraba durmir un soño ditoso, baixo o batelar das grandes eirexas barrocas, baixo a ollada dos lanzals volcás do hourizonte. No fondo era o vivir bárbaro de tribu e do acampamento. Por'aquél tempo mandaba un Presidente con tipo cruel de

profesor mestizo, de gafas d'ouro e dura ollada. Pol-as mañás despachaba os negocios. Pol-a tarde bebía coñac sin tasa en compañía de seu estado maior de xenerales n'un café da Praza. O amo e os mozos servían tremendo aquila terrible tertulia. O Paulo homildoso e raposeiro era, ás veces, ademitido n'ela. Dixose que fora chamado ó Pazo Presidencial, e pasaba por conselleiro das finanzas en casos dificultosos. Segretos d'Estado que nunca deixou traslocir o cauto Vilasantar. A colonia española teimaba entrar na súa confianza, procuraba seu apoio pros días perigosos que s'anunciaban. El, con superior habilidade, foi colocando na Europa o groso do capital i-unha serán saíu d'apaseio en auto e non volvéu. Aixiña procurou correndo sin parar o porto de Veracruz. Cando d'end'o trasatráneco viu desaparecer nas luces da yalba a figura do forte antigo de San Xohan d'Ulsía, xa nin pensaba na Margot nin no *Carnaval de Venecia* afundido na revoluceón. Aquila noite o tren de México fora voador. O Paulos, na travesía, era un b'o señor indiano, de máinos falares e anteollos afumados que retornaba pra coidar do ril nos balnearios da Europa.

Logo un inverno en París tomando o sol-ciño no Luxemburgo, degustando o *amerpicon* diant'a vidreira do café do Boulevard. A pelerinaxe á Italia, o infindo aburrimento dos Museos, algunha tertulia d'expresidentes americanos na fonda paz do agro romano. Madrid. Paseando pol-a Moncloa parábase a considerar o moimento dos mortos das campañas d'Ultramar e pol-as mañás as portas de tambor dos Bancos xiraban respeitosas pra dar paso ó opulento manate. Unha serán meteuse no expres da Galiza. Viu pol-a mañán as toxearas frolecidas do val de Lemos e chegou de noite a Compostela. Despoixa de cear saíu a pasear pol-as ruas. Non comprendía nada d'aquelo. Debu-

Vai aparecer

ARREDOR DE SÍ

Novela, por Ramón Otero Pedrayo.

haba unha angustia insospeitada n'il e non tivo valor pra cruzar pol-a praciña onde nacera. Soilo se consolaba c'algus tinteiros do Ribeiro na casa do *Asesino*. O Xacobo non'o foi a visitare. Pasaron ún acarón do outro pol-a rúa. O Paulos foi o primeiro en baixar os ollos. Despois de moitas esculcas mercou un pazo escanastrado n'un recuncho das Rías Baixas. Donou ó pobo unha grorieta pr'a mûseca, us bancos de pedra e ferro no

paseo público, unha escola con moitos mapas d'América e rutas de trasatlánticos fumegantes. Alí envellece, coidando do fígado, groso e calado, sin afastar o rifle da cabeceira da cama e sufrindo un suplicio que se l'esquencen o Dante porque no seu tempo non había indianos; o suplicio de cavilar un testamento.

R. OTERO PEDRAYO

(Continuará)

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO

FOLKLORE DA FREGUESÍA DE SAN MIGUEL DE PARADELA (LUGO)

A TERRA, A GENTE E A HISTORIA.—A freguesía de San Miguel de Paradelas pertence ao concello de Paradelas, partido de Sárria. As mais das ouservacións refírense ao lugar da Abelaira. N-iste terreo hai:

O monte común chamado *Lagüela* onde paze o gando dos pobos de Outeiro, Vermil, Vilaragunte, Barán, Vilamayor, etc. co-as suas chairas e serras. Nas chairas hai diversas *modorras* (bultos de terra) que por baixo hai covas dos *mouros* con catro *lavias*, unha por baixo, duas polos lados e outra por riba. Sin duda ningunha construídas polos mouros, y-así que tiñan feita esta «armazón» esprasada xa, pois cobríanas de terra facendo unha especie de «Castrelo» (diminutivo de «castrum», loc. latina-Castro-campamento) deixando unha cova pra entrar drento.

A cousa mais curiosa é que todas as *modorras* se ven nas grandes llanuras dos bosques próximas ós riachuelos por causa da auga.

No medio de tantas *modorras* había unha moi grande que se mal nom'engaño se chamaba a *modorra grande* e cerca d'esta hai outra que se chama *Fenteira* (iste bosque de que falamos está situado ó Mediodía do

auntamento y-ademais é bañado pol-o río que se chama *Loyo*).

A *modorra viana fumiar* e acordaron os de Barán desfacela pra ver se encontraban un *tesouro* que dicían qu'alí había. Desfixérona e encontraron catro *lavias* xa expresado en que forma, e no medio un candil de grasa e dixerón iles que aquilo era o tesouro, pero que había que desencantalo.

N-outro monte mais cerca que cai ó Poniente, un home que se chama Silvestre, ou que se chamaba, que en calquera sitio que vía *fumiar* a terra, dicía que había alí un tesouro. Empezaron a cavar n-un sitio que *fumiaba* moito, alí anduvo cavando dous meses e en vez de encontrar o tesouro, encontrou auga. Logo trougueron o *Cipriánillo* y-alí fixeron o demo, pero tal tesouro non pareceu, quedando alí un bon foso pra disgraciarse unha vaca. Tamén cavaron estes y-autros n-outra variedade de montes donde vían fumar, buscando os tesouros, de cuílos lugares non m'acordo.

Entre as parroquias de Vilaragunte e Barán, que están ó SE de Paradelas, hai un *Castro* grande, moi grande, que por tradición dícese que o fixeron os mouros, porque ten pol-o lado do Naciente unha cova que ten por un lado e mais pol-o outro, parede. Os peisanos pensaban que aquela cova os conduciría ó centro do Castro, donde os

mouros tiñan a morada antiguamente e mais donde deixaran unha gran *arca de ouro*.

O vulgo como soñaba todas as noites con tal tesouro y-aquela que os encamiñaría el, pois reuniuse con todos os preparativos. Empezaron a cavar por donde estaba a cova, encontraban pedras, tellas, cobras y-outras partículas. Cansáronse de cavar e tiveron que deixar o proleuto porque chegar ó cabo da cova era imposible. Según as teorías de un abrupto home que se chama de renombre o *Carandeo* que ó mesmo tempo se ten por moi sabido, de profesión cavador de monte, y-eso dos malos, o Castro iste foi feito pol-os mouros, e cando fixeron deixaron no medio dúas enormes *arcas*, unha d'ouro y-outra de alquitrán. Ademais dice que se se abre arca de ouro, ben; pero se se abre a d'alquitrán que se encende, e encendéndose, dá vida a un *volcán* que derrumbará a toda Galicia. E por se-acaso é necesario deixar estar as arcas onde están.

Tamén dice que neste Castro hai *Morinda*, pero que non sale afora y-unque salla, noha vemos. Porque il un día estando n-unha finca de noite, pois sintiu tocar a *mellor banda* do mundo. E de donde, ou donde tocaba aquela banda de música? Pois era a *Morería* por baixo da terra. «A min nada me quita de que a *Morería* está por baixo nós, ou que ten a morada por baixo de nós, que sale pra riba, pero pol-o pauto co Demo.

O mesmo diz que os volcás son orixen d'arcas d'alquitrán que se romperon, e rompendose, encendéronse e entónce é cando empezan a botar materias y-a derrumbar cidades. Os volcás según as teorías do *Carandeo*, que mais adiante falaremos d'il, non son producidos polo fogo central, porque o núcleo interior da terra está morto. Pero atendendo ás teorías d'iste áspero, os volcás son producto das arcas d'alquitrán que yacen nos castros dos mouros.

En Paradela tamén hai outros castros, un cerca da capital, e outro mais lexos, cerca do Miño. Son grandes e teñen, com'o de Barán, sitio llano e amurallado no cima. Situados ó NO, e o de Barán case ó oriente. Os outros dous non teñen covas.

RIOS.—Hai dous que son produto das

montañas e manantiales, que son: *Loyo*, que pasa pol-o bosque y-autro riachuelo, que pasa pol-a capital do auntamento de Paradela. Outro río lexano que pasa por entre o Páramo e a Puebla de San Julián (auntamentos) que se chama o río Neira. N-un lugar do río un día un pescador viu na auga un *gurgullo*, ou sea un sumidoiro de auga y-ó pescador chamoulle a atención; y-os poucos días se mal nom'engaño, tapouno c'unhos penedos e xestas. Habéndoo tapado, de repente faltou a auga d'un puebló que se chama Gondrame (Páramo). Habendo secado de todo a fonte do puebló que manaba auga pra todo o puebló e mais pr'os regadíos dos prados, etc., quen duda qu'a xente, os prados y-os animais se morrían co-a fame d'auga? Por non ter nin xiquera auga pr'a comida. Os veciños pensaban abandonar as súas casas e propiedades pol-a milagrosa sequía.

Así que o soupo o pescador, ou sea o tapador do gurgullo ou *gorxa*; mellor dito, interado de tal escasez y-alarma, fixo saber ó puebló desafortunado que había un individuo que por certa cantidade de prata, pois que lles facía volver a auga. O puebló decidiu xuntar o diñeiro e xuntouno.

Así que viu que lle daban cartos, pois foi desfacer aquela argallada que fixera no río, cando tapou o gurgullo ou a gorxa do río Neira. Empezou a traballar com'on negro a destapar a gorxa (sumidoiro); autuando, a gorxa abriu, a auga volveu y-o pescador-tapador desapareceu.

Non hai ningún que non pague as argalladas que fai.

PENEDOS.—Hainos con bastante abundancia, se houbera así diñeiro, estabamos ricos. Cerca da miña casa hai unhós *penedos* que teñen unhas fosiñas, unhas redondas y-autras longas. Eu cando as víñ, chamáronme moito a atención. Cada vez que as iba ver encontrábaas con vario excremento de garduña Semellan naturais.

N-outro sitio mais lexano hai outra pena que se chama a pena do *Palleiro*. Un día un home foi ali e estivo mirando a pena e encontrou unhas iscricións (letras) que decían: *Pena d'o Palleiro*. No mesmo sitio hai un penedo moi ben colocado que dice a xente

que o levou alí unha muller na cabeza, fiando na roca. Unha cousa parecida á *pedra movediza d'Argentina*, solo que a de Paradela non se move, non é tan grande.

CAMIÑOS.—Recén feita a carretera, camiños de carro, *corgas* que son camiños cón parede por un lado e mais pol-o outro, e camiños de pés y-os das cabras e mais as ovellas.

ALDEAS, CASAS, LEIRAS, etc.—As aldeas están aisladas unhas das outras. Son de bó parecer e de malo. As casas aisladas xeneralmente son casas fortes ou ben pudentes. Leiras hai con abundancia, boas e ruís. Os espazos de terra son grandes, son montes, pradeiras, chouzas que dan moitos toxos e carballos, ribeiras de moitos castiñeiros que dan moitas castañas.

Hai eiqui un *pronóstico*, que estando un día en Bilbao n-unha taberna que entrou un caballero e que pediu unha *chiquita*... colleuna, bebeuna, deu unha volta por trás e presentou no mostrador a *chiquita* chea outra vez. Iba pagar, y-a taberneira pensando que nona bebera, pois non lla cobrou. Deu dous pasos hacia o *pronóstico* e díxolle:

—V. é de Galicia?

—Sí, Señor.

—Pois ha acordar V. secar todos os castiñeiros de Galicia; xa andan secando y-ha-os acordar secar todos y-as ribeiras que se volverían *praderías*. Os penedos que tamén se volverían mineral.

Entonces preguntoulle:

—Venderame logo a mín algunhos penedos?

—Cal—contestou—vender eu a miña fortuna d'algún tempol

Bueno, seguindo a conversación do caballero, por último díxolle:

—Ustede acordará secar os castiñeiros, os penedos cocelos e volvelos mineral y-as leiras non darán fruto, habrá que deixalas a campo e labrar outras.

D'esto nada o quita e de maneira que se pensa acordar todo esto, me parece a mín que vivirá mais qu'os antediluvianos. D'aquí deduzo que vivindo mais de mil anos, acordará o afundimento de Galicia espoto tamén por iste mismo personaxe que se chama de mal nombre Carandeo, y-autras averías que non merecen citación.

Unha vez n-unha leira encontraron—cando andaban arando—o romate d'unha torre. Estaba moi enterrada e según iban arando, deu o arado n-unha pedra y-o labrador cavou e encontrouna. Despois pensando que había alí unha torre fixeron unha gran escavación, pero tal torre non pareceu.

Recollido por

MANUEL PALLARES LÓPEZ.

Aluno do Magisterio.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

MISTRAL (1830-1914).

C'o centenario oficial do Romantismo ven o do nacemento do poeta da Proenza e de todol-os pobos. Unha d'isas raras encarnacións da poesía d'unha patrea n'un home. Si a maior revelazón do século XX foi a nova literatura irlandesa seu equivalente no devanceiro d'as nove foi a Renascenza da familia das lingoas romances aldraxadas: proenzal, catalán, galego. Elas puxeron remate a un tempo de cultura abstrata

e imperialista pra franquear un novo tempo vivente, humán, nazonalista.

NÓS fai agora un ano adicón unha lembranza a Mistral fixándose sobretudo no seu papel de politeco, como Lamartine, foi vale guiador de pobos e si o autor das «Meditations» apenas deixou caer unha pinga do seu espírito borgoñón na copa francesa. Mistral cantaba liturxicamente didiante de cada vaso de viño a vella salutación da súa terra:—«Cuopo Santo». Era un home forte, ledo, de máñ cordial, grande chapeo, ollos

riseiros carregados d'horizontes e de todas as lonxanías da súa terra, e camiñaba apoiado n'un cayato d'oliveira. Patriota e patriarca ceibou á Proenza do departamentalismo parisién. Como os nenos non sonpo o que fora desconfianza nin arte literario, nin vivir d'escritor. Unha vez, Charles Maurras, un dos seus discípulos máis amados díxolle—«Pérdense as radicales das nosas palabras pra seren sostitoladas por radicales extranas, e de ficar soílo a terminación ¿non significaría a morte do noso idioma?» O poeta que asegúñ Barrés «tiña o xenio da hospitalidade» díxo con grandes voces:—«As nosas radicales? Mais que facemos nós, os Felibres, sinon botar fora as radicales extranxeiras, dinas tod'o mais d'un «patois» pra gardar as outras, as nosas, as vellias, as boas? Pra iso foi fundado o felibrisimo. A renacementa proenzal non é outra cousa—»

Gran consello que todas as línguas renascentes deben seguir. Pra Mistral tod'a admiración e respecto de NÓS. O felibrisimo nascéu baixo o signo da lírica cigarra cantora. Pol-a ispirozón de Mistral sentíu a pura beleza d'ise inserto tan amigo das nosas solainas e das nosas eiras que se chama «Mantís relixiosa»: «O mal é feio, e rí pra mín,—a carne é fermosa e podrecente,—a auga amarga, e teño sede.—Cheo de languidez—quero morrer—e quero vivir.—Morro de fame e de fadiga.—Ouh, mantís, fai locir diante mín—a espranza dubidosa—de calquera cousa.—Enséñame—o camiño.—É deseguida, en vin—que da mantís car'o ceo—o febre bravo se despregaba.—Misteriosa—muda, grave—rezaba» («Les illes d'or»).

Noso querido e admirado Director, Vicente Risco, saíu o día 14 do Mayo pra Alemaña. Aíxíña aparecerá en NÓS a primeira crónica de viaxe.

Recibímos o tomo 2.º de «O soneto neolatino». Nil Galiza está ben representada por un soneto castelán de Alvaro de las Casas, i un galego de Aquilino Iglesia Alvariño, o mozo autor de «Señardá».

LIBROS

TITIRO, a egloga primeira de VIRGILIO, tradución de AVELINO GÓMEZ LEDO, Madri, sen data.

O noso querido colaborador, o cultisimo sacerdote Don Avelino Gómez Ledo, cuio nome é ben coñecido dos lectores de

NÓS, publicou esta linda versión da Egloga primeira de Virgilio, coma homaxe-lembranza do glorioso poeta mantuano no segundo milenario da súa nacementa, que hai poucos días se celebrou.

Iste homaxe da literatura galega á literatura latina, naí, na persoa do mestre dos poetas cristiaos, cecais o noso irmán de raza—pol-o seu nome e pol-o lugar da súa nacementa, suponse que Virgilio debeu ser un celta—é cousa justa e atinada, que honraria coma idea ao galego, ao poeta e ao humanista que é Avelino Gómez Ledo, senono honrara já coma obra lograda, pol-a súa execución.

Obra coma esta teñen que ser saudadas por nós d'un xeito especial, coma merecentes d'honores extraordinarios. Non abundan as versións dos clásicos, na nosa literatura: Saco e Arce, García Mosquera e Florencio Vaamonde foron n-isto os precursores. E o galego precisa d'elas pra se consagrar definitivamente coma lingua culta, aparte do exercizo formidábele de mestranza da fala que representa un traballo d'istes pra quen o fai. Avelino Gómez Ledo prepara e anuncia unha tradución de todas as *Eglogas* e outra das *Georgicas*, e propónse outra das *Odas* de Horacio. Labor enorme que temos por forza que acoller con entusiasmo e con ledicia, e todo canto se faga por lle dar alento e loubanza será sempre pouco.

Leendo a versión galega do *Titiro*, fidelísima, senon literal—cousa imposíbele—decátase un ben da riqueza en recursos da nosa lingua, recursos que o Sr. Gómez Ledo soupo aproveitar c'un istinto artístico notábel.

Con degoiro agardamos o resto das *Eglogas*, que van saír aíxíña editadas por NÓS.

O OUTRO, conto dramático en tres esceas, por ALVARO DE LAS CASAS, Alauda, 1930.

POSIBELMENTE, a obra millor d'Alvaro de las Casas, é iste tremendo conto dramático, que, collido directamente d'un caso real que impresionou fortemente o seu espírito, ergueu sen retórica e case sen incidentes superpostos, á categoría artística, co-a meirande felicidade. *O outro* é un drama rural, intensamente humano, com'as tragedias rurais irlandesas, qu'emociona profundamente na súa sinxeleza e naturalidade. O literato de innegábele fondo romántico e aínda finisecular, non aparec máis que despois, de súpeto, no final que il mesmo califica de dannunziano. No resto, a horrída tragedia cola case silenciosa, e ata o sangue deita na escuridade, na soma pechada da

noite. *O outro* é o caso humán e universal da madrastra, que colle pol-o ambiente e pol-as persoas un caraute único. Por iso precisamente está ben.

Fernández Mazas fixo pra *O outro* tres magistraes deseños simbolistas, de liña simple, delgada, absoluta, trágicos na sua comicidade, moi clásicos e moi modernos, que van un ao fronte de cada unha das tres esceas.

O Alvaro Casas quixo facer runflar co-a edición d'iste libro, e conseguiu unha verdadeira obra d'arte tipográfica pura, d'unha simplicidade perfecta, que tirada en soberbo papel, constitúe un libro de lujo, do que se fixeron somentes cen eixemplares numerados e siñados pol-o autor. É o primeiro libro que se fai eiquí n-esas condicións, e elo é un novo mérito.

SEÑARDÁ, por AQUILINO IGLESIAS
ALVARIÑO, Palacios, editor,
Lugo, 1930.

CONTÉN iste libro, no que se revela un novo poeta, un poeta verdadeiro, cincoenta sonetos clásicos en endecasílabo, ou en alexandrino, ou algunha vez en oitosílabos, nos quales, coma diz o autor da carta-prólogo do libro, Julio de Lemos, «a par com os tons violáceos de versos ditados por uma natureza inquieta e torturada, que se compraz num fervente pressimismo—acordando na minha memoria o conceito de Burst Boss, quando disse que «a Dor também é felicidade», —ressaltam efusões líricas que nos comunican os mimosos odores da virginal candura das rosas...»

O certo é que os sonetos todos son de man de mestre. O sentimento da terra, o sentimento religioso —ademais o autor estudia a carreira eclesiástica— a resoanza dos clásicos, son as notas dominantes.

Aquilino Iglesias Alvariño é un poeta ao geito antigo que nen il é antigo no seu ser poético, nen sempre é antigo na expresión. A influencia das leituras latinas, a influencia do Noriega Varela —ata na linguaxe— a influencia, cecais por riba de todo, dos portugueses —ata na preferenza pol-o soneto— son evidentes. Portuguesas son principalmente as notas de modernismo.

Señardá semella un asturianismo, cecais esteso na bisbarra de Mondoñedo, onde está escrito o libro. Do país son tamén moitas das formas coincidentes coas de Noriega.

O libro ven adicado a Galiza e Portugal. Poucos poetas s'apresentan c'un libro tan ben acabado.

REVISTAS

PORTUGALE, Janeiro-Fevereiro, 1930.

SUMARIO: *Considerações gerais e sumárias acêrca das fontes de investigação etnográfica*, por J. Leite de Vasconcelos. — *Uma tentativa no sentido da nacionalização do ensino*, por Alvaro V. Lemos. — *Doloris clamor* (versos), por José Caldas. — *Preparativos*, por Ferreira Soares. — *Cristobal Colón en Portugal*, por R. Cúneo Vidal. — *Um inédito de Antonio Riveiro Chiado*, por A. G. da Rocha Madahil. — *Porto Velho* (folha solta), por Julio Ramos. — *Inéditos e autógrafos*: I. *Bilhete-de-visita de Soares dos Reis*, por Claudio Basto; II. *Carta de Soares dos Reis*, por Pedro Vitorino. — *Página humorística*, por F. Valença. — *O problema da Electricidade*, por Ezequiel de Campos. — *Varia*. — *Gente de casa: Antonio Carneiro*, por Vila-Moura. — *Bibliografia*. — *Novidades*. — *Vida Académica*. — *Leilões de livros*. — *Res et verba*.

BROTÉRIA, Março 1930.

SUMARIO: *Os jesuitas e Camões*, Domingos Mauricio. — *Mens rostra*, Luis Gonzaga Cabral. — *Estação asturiense do Carreço*, Tenente Afonso do Paço. — *A Exposição internacional de Barcelona*, Serafim Leite. — *Revista de revistas*. — *Notas bibliográficas*. — *Subsídios para o Vocabulário Português*, João Serafim Gomes. — *Obras recebidas na Redacção*. — *Efemérides*.

O INSTITUTO, Coimbra, 4.^a serie
vol. 8.^o, n.^o 1.

SUMARIO: *Alguns documentos inéditos sobre Uriel da Costa*, por A. Magalhães Basto. — *Damião de Goes et Reginald Pole*, por Marcel Bataillon. — *Uma descrição quinhentista do Mosteiro de Santa Cruz*, por Vergílio Correia. — *Proemio á Logica*, por Vieira d'Almeida. — *A rima e a sua accção lingüística, literaria e ideologica*. — *Accção lexical da rima*, por João da Silva Correia. — *Importancia do Sanatorio Marítimo na profilaxia e tratamento da tuberculose*, por Augusto Paes da Silva Vaz Serra.

Id., n.^o 2.

SUMARIO: *João de Deus*, por José T. da Silva Bastos. — *Pariso Cataldo Giculo*, por Guido Battelli. — *A rima e a sua accção lingüística, literaria e ideologica*. — *Accção lexical da rima*, por João da Silva Correia. — *A*

fundação da Vila Nova de Cerveira, por Luiz de Figueiredo da Guerra. — *Rudolf Steiner e a Antroposofia*, por Carlos Santos. (filho).

«BULLETIN DU MUSÉE BASQUE»,
6.^a année, N.^o 11.

SUMARIO. — «Etudes: Urbero — «Les Basque et le Larousse». — «J. Les châteaux historique du Pays Basque Français» — «Notices pour un catalogue: X-L'Amiral Jáuregui» W. Boissel — «Les tombeaux des Rois de Navarre à Lescar» — R. Cuzac — «Une carte originale, en couleurs du XVIII^e siècle» Chronique: — «La vie du musée basque en 1929» — Belatcha — «Une pastorale à Barcus» — Le Livre d'or».

Urbero principia un grande estudo encol dos castelos do país basco francés con tres da terra do Labour: os de Urtubia, Espelette e Arcangues. O derradeiro habitado por unha familia cuia descendencia masculina sigoese dende fai catrocentos anos. Seus señores eran procuradores do Rei dende o século XVI, interveñindo en terribres loitas locais no XVII. O d'Espelette foi berce da fidalga familia dos Espeleta de Pamplona e seus antergos foron á Cruzada con Tibaldo II de Navarra. O de Urtubia sonado coma outros nas relacións c'a Hespania garda unha fermosa colección de tapices do tempo de Luís XVI.

W. Boissel informa da descuberta polo coengo Dubarat dos sepulcros dos derradei-

ros Reises de Navarra (Francisco Tebo, Xohand'Albret, Catalina de Foix, Enrique II e Margarida d'Angulema) na catedral de Lescar.

O vivir do Museo segue boiante e crecedeiro. Suas comisións visitaron Barcelona e San Sebastián na gran semana vasca. Dende agosto a Santos houbo no Museo conferencias encol dos diferentes aspectos do vivir basco entr'elas unha sobre as guerras carlistas tidoada «epopeya da fidelidade basca». O Museo preocupábase da emigración e d'outros problemas.

A NOSA TERRA, primeiro
de Maio, 1930.

SUMARIO: I. Ao decorrel-os días (verbas d'espranza pro futuro político da Galiza) II. «Unha door do agro», por T. de A: precisión de tocólogos nas aldeias, III. «Latricadas», por Z: conversa de labregos, IV. «O Far Wert galego», por Froitoso Touza: a Galiza ten que conquistar todol-os seus ensoños e facelos realidade, V. «Faíscas», por Victor Casas: Galiza vive, sua língoa o proba, precisase unha solución urxente no Noso Problema, VI. «A VI Asamblea das Irmandades»: crónica precisa da xuntanza e seus acordos, VII. «Un plan de Enseñanza», por Manuel Gulin: necesidade do galego en todol-os grados do ensino, VIII «Cartas de Viana»: contén unha xusta apreciación do admirado Lugoís Freire feita polo «O primeiro de Xaneiro» de Porto.

Imp. NÓS, Linares Rivas, 50. A CRUÑA.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32

SANTIAGO

San Andrés 50

A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os establecimientos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todol-os elementos que exigen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
 FUENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO
 Propiedad de los Sres. Hijos de Peñador

Véndese en todas las
 Boticas, Droguerías,
 Hotels,
 Depósitos d'augas
 minerás,
 Restaurants e
 vagós-camas de
 todol-os três.

Estas augas, de sona universal son
 o remedio enxebre e eficacísimo.
 cand'un quer combater o Artritismo,
 a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
 diversas, doenzas do Aparello diges-
 tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa
 ——— gaseada naturalmente ———

Mondariz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo